



## NOTA DE PRENSA

### **TRATAN DE IMPEDIRLLE A CSI-CSIF A LIBRE CONCURRENCIA ÁS ELECCIÓNS A MEMBROS DA XUNTA DE PERSOAL DE ENSINO NON UNIVERSITARIO EN PONTEVEDRA.**

O Xulgado do Social de Pontevedra admitiu a trámite a demanda presentada por CSI-CSIF en reclamación da tutela dos dereitos de liberdade sindical dirixida contra os sindicatos CCOO, CIG, STEG, ANPE e UGT, e contra a Delegación Provincial de Educación en Pontevedra, polas presuntas actuacións que por parte de membros dalgúns destes sindicatos estiveron a desenvolver durante o proceso de proclamación de candidaturas, co fin de impedir que CSI-CSIF presentase candidatura no Sector de Ensino na provincia de Pontevedra.

CSI-CSIF denuncia as presións recibidas polos seus candidatos para que renunciases a formar parte da súa candidatura. As presións dirixíronse especificamente ó profesorado de determinados centros (IES Xunqueira I e CEIP de Balaídos) para que presentasen a súa renuncia. Renuncias, que en ocasións foron achegadas á Mesa Coordinadora por membros de candidaturas doutros sindicatos, o que sen dúbida mostra a mala fé destas actuacións.

CSI-CSIF denuncia a perniciosa intencionalidade que se desprende das actuacións deste persoal, para botar abaixo a nosa candidatura. Entendemos que por medo a que nestas eleccións o noso sindicato puidera acadar representación na Xunta de Persoal, o que suporía unha perda de delegados para os demais. **Esto ven a mostrar a forma e proceder destes sindicatos e os seus delegados sindicais, durante o proceso electoral, que non admiten a participación democrática nas eleccións sindicais, xa que lonxe de velas como un lexítimo exercicio da libre participación dos traballadores na elección dos seus representantes, entenden o proceso electoral como un couto da súa propiedade e ó que según parece só eles teñen dereito; pasando por enriba dos dereitos dos traballadores que desexan ser representados por outras forzas sindicais, coma neste caso, CSI-CSIF.**

CSI-CSIF espera que o proceso electoral sexa anulado por mor de todas as actuacións perniciosas que denunciámos, e se abra un novo proceso electoral nesta provincia para que o profesorado poida facer unha libre elección dos seus representantes, e mesmo poidan participar libremente como candidatos.

Lamentamos que se teñan producido estas actuacións, que prexudican ó profesorado, pero non temos a culpa de que existan organizacións e delegados sindicais que cada vez que se abre un proceso electoral, estén continuamente a poñer trabas, con presións e manipulacións do profesorado para que non participe coas nosas candidaturas, atentando contra a liberdade sindical.

27 de Novembro de 2006.  
CSI-CSIF GALICIA